

## O FUTURO DAS DEPUTACIÓNS

*Manuel Herminio Iglesias*

Por mor da crise económica que vivimos, moitas voces plantexan alixeirar o entramado administrativo e eliminar a solapación de entes públicos. E nese contexto aparecen as deputacións, entidades provinciais, hoxe cun papel administrativo e político moi cuestionado. Algo semellante coméntase sobre o método de redución, polo sistema de anexións incentivadas, dos concellos que teñen pouca poboación e están abocados a xuntarse con outros ou a mancomunar servizos e persoal. Estas son dúas cuestións que no futuro darán bastante que falar.

Sobre o tema das Deputacións, o nacionalismo galego mantén a antiga reivindicación da supresión das mesmas en base a que son entes que se devoran presupostariamente a si mesmo; son níos do caciquismo máis anacrónico e pertencen a un sistema provincial superado polo recoñecemento das nacionalidades históricas e nacemento das comunidades autónomas, chamadas rexións no franquismo.

Pois ben, o expresidente do goberno Felipe González, seguindo a estela do nacionalismo galego, puxo sobre a mesa o tema que, supoño será motivo dun debate interesante nun futuro non moi lonxano. Un debate que terá que, en aras da eficacia administrativa e económica, modificar a Constitución dado que na mesma o poder local e as Deputacións en concreto aparecen reflexadas cun espazo propio. Pois, despois de máis de trinta anos en vigor, a carta magna merece unha modificación que reorganice o espazo territorial e elimine estes entes nados no século XIX a partir da promulgación das cortes de Cadiz (1812). Entes que son motivo de grandes críticas por a caciquil xestión de persoas imputadas como a do Sr. Fabra e outros mandatarios máis próximos que administran o feudo provincial como se dunha leira particular se tratara.

Pero máis alá de consideracións históricas e doutro tipo, que as hai, o certo é que as administracións deben estar adaptadas aos tempos políticos e económicos nos que viven e, a día de hoxe, as funcións que fan as deputacións, creo que poden ser cubertas polas consellerías, eliminando en Galiza, catro pequenos parlamentos presidencialistas que son máis un adorno que outra cousa. Por iso, estou convencido que, a reorganización territorial e a supresión destes entes, que se convertiron nun poder que actúa de maneira pouco rendible presopustariamente e pouco exemplarizante pola forma de xestionar os cartos públicos, terá que ser revisada. Pensemos si a nosa Deputación provincial, cun poresuposto que ronda os setenta e pico millóns de euros e que gasta en persoal, nas diferntes formas de contrato, máis de dous tercios e unha boa parte do pecunio restante está a disposición do presidente, serve para lanzar a economía da provincia. Eu penso que non. Estamos pois, diante unha estrutura administrativa que se engule a si mesma, e que non cumpre a función para a que foi creada, alomenos a día de hoxe. Outra cousa son os concellos pequenos, 92 temos na provincia, onde algúns teñen menos poboación que, por poñer un exemplo, un pobo do rural da cidade. Pero iso será motivo doutro comentario.

En fin, que como os tempos mudan, creo que en breve haberá que falar de reformas; haberá que falar de eliminar a duplicación de entes que tradicionalmente foron e son níos de ineficacia e de control político da poboación rural. E que, alomenos ate o momento, non serviron para modificar a economía nin o nivel de vida da provincia. Pois si España se modernizou en pouco tempo foi grazas a eficacia do estado autonómico e non das deputacións.